

JAVIER
MOSQUERA



PROTAGONISTAS DA RECONQUISTA DE VIGO

Vázquez Varela e Cayetano Parada

O primeiro foi alcalde de Vigo escollido por un grupo de notables; Parada e Pérez de Limia, de Bouzas durante cinco mandatos

Francisco Javier Vázquez Varela naceu en Vigo o 8 de xuño de 1754 nunha familia de clase media dedicada á administración das rendas públicas e casa con Manuela Fontenla. Seguiu a carreira de Leis na Universidade de Santiago.

Ademais de traballar de abogado e asesor letrado de Guerra, Marina e a Tesourería da Facenda, amasou una grande fortuna administrando os afeis do sal, administrando as rendas provinciais de Betanzos e outros negocios, de tal xeito que en 1811 era un dos 25 cidadáns máis ricos de Vigo. Viu na rúa Oliva e tamén no Areal.

Tralo motín popular de xaneiro de 1809, no que o pobo arrestou ás autoridades municipais e militares viguesas baixo a acusación de afrancesados, un grupo de notables da vila escolléuno como alcalde-xuíz, de xeito que a súa primeira preocupación foi manter a orde, ameazando mesmo coa pena de morte aos que non entregasen os obxectos saqueados durante o balborzo popular.

Continuo no cargo baixo o dominio francés, como se pactara na rendición da praza, pero dende dentro e na medida das súas posibilidades, levou a cabo un segredo pero efectivo labor de zapa e desgastes dos invasores, prohibindo que rexistrasen as casas para aprovisionarse ou informando de epidemias. Ta-

mén mantinha contactos cos gueñilleiros do exterior, especialmente con abade de Valadares e co seu amigo Cayetano Parada, alcalde-xuíz de Bouzas, para organizar o cerco. Neste sentido facilitoullas armas e favoreceu a saída dos que querían unirse ao asedio.

Como consecuencia da guerra perdeu o seu pazo de O Penedo e un dos fillos en Riba de Tormes. Outro dos seus fillos quedou impedido. En agradecemento, algúin vecinos quixeron gravar nos murros da súa casa o seu nome con letres de ouro, negándose a tal van gloria.

Como se vira obligado a xurallelealidade ao rei Xosé I Bonaparte e contribuirá a abastecer ás tropas francesas, tivo que presentarse en Ourense en calidade de reo ante o marqués de la Romana ou a Xunta de Lobeira, saindo airosamente.

Fiel ás súas ideas absolutistas e á monarquía de Fernando VII, fixo fulgurante carreira na administración. Oidor da real Audiencia de Galicia, máximo tribunal rexio con sede na Coruña, alcalde de Casa e Corte de Madrid e, como culminación, en 1816 ascendente a Ministro do Concello de Facenda.

Faleceu en 1818. A proposta do entón alcalde, Ricardo Senra Fernández, a Corporación Municipal en sesión celebrada o 27 de marzo



Cayetano Parada
e Pérez de Limia

de 1909 acordou por unanimidade de que se lle dera o seu nome á rúa Dos Capuchinos, dende Urzáiz ata O Couto,

Ricardo Senra apreciou nos documentos existentes no Arquivo Municipal relativos á Reconquista as condicións de intelixencia, firmeza e patriotismo despregado por Vázquez Varela naquelhas difíciles circunstancias.

Cayetano Parada e Pérez de Limia

O fidalgo Cayetano Parada e Pérez de Limia naceu en Verín a mediados do século XVIII e chegou a Coia cara a 1770 para facerse cargo dos bens que lle deixou o seu tío, o presbítero Ignacio Pérez de Limia, propietario dunha Casa Grande na Pardaixa.

Casouse en primeiras nupcias con Joaquina Nogueira e en segundo matrimonio con Francisca do Carmen Troncoso, tamén viuda, e tivo numerosa descendencia. En 1772 apareceu como Alcalde-Xuíz do Coto de Villadáres e ese mesmo ano comeza o primeiro dos cinco mandatos de Alcalde de Bouzas. O Cronista da Cidade, Bernardo Vázquez Gil destaca que nunca foi alcalde de Fragoso, erro moi repetido na súa biografía.

Concebia ben a Vázquez Varela e

foi un dos caudillos da Reconquista de Vigo, levantando ao pobo en armas contra os invasores, e actuando como auténtica man de-reita do abade de Valadares. Foi o auténtico gran fornecedor da Reconquista, pois do seu propio patrimonio pagou o manteramento das tropas galegas durante o cerco. Na súa casa fabricábanse cartuchos

Segundo relata Espinosa citando a un dos seus descendientes, estando acampado preto de las murallas de la villa a noite anterior ao asalto en compañía do abad de Valadares, Villageliú, Tenreiro e Almeida, entre outros, alguém lle sugeriu que dada a súa idade debería retirarse a descansar, ao que respondió que "sendo tan velo como creyente, se non perezco na empresa xa pouco me quedará para descansar".

Demandou a axuda dos paisanos do Morrazo e conseguiu que os buques ingleses que estaban na ría se sumisen ao bloqueo e xunto co abad de Valadares e os paisanos reclutados por elles estableceron o bloqueo en terra, con más ánimo que medios pois as armas eran escasas, das tropas francesas, o que facilitou a chegada a Vigo dos capitáns Cachamuiña e Colombo.

Parada e Pérez de Limia foi un

dos condecorados co Escudo de Honor, ainda que moitos biógrafos cren que non se lle fixo xustiza, pois malia a súa idade, un home que abandonou a súa casa e arregó aos seus paisanos, sacrificando a súa facenda, expoñendo a súa vida, merecía máis que unha medalla, "por moi honrada que esta fose". O seu nome debeuse perpetuar de forma que recordase as súas virtudes e patriotismo.

De calquera modo, na Real Orde de 14 de xullo de 1814 fechada en Cádiz para a concesión do Escudo de Honor sináis que Cayetano Parada e catro dos seus fillos, ademais de Francisco Benito Rúa prestaron importantísimos, alarmando aqueles naturais e mantendo por espazo de quince días a máis de 1.500 homes aos seus expensas e defendendo varios puntos que contribuíron de xeito decisivo ao logro de tan gloriosa empresa.

Exerceu de xuíz-alcalde de Bouzas ata o Trienio Liberal. Implicado no levantamento pro-absolutista de El Cerquidío, foi detido e preso. A morte sorprendeu-lle poco despois na súa casa da Pardaixa, en Alcabre o 24 de marzo de 1823, levando nas horas fúnebres 18 sacerdotes. O seu cadáver recibiu sepultura na igrexa parroquial.



Francisco Javier Vázquez Varela. / Ilustración: Arquivo do Museo Quiñones de León.



Tenencia de Alcaldía
Concello de Vigo